



O AMIGO DE VILADONGA

Julio Reboredo Pazos

Ocorre ás veces en case todas as profesións que, cando se chega ao ámbito cronolóxico da xubilación, é dicir, ao tránsito da madurez á vellez, algúns autores deixan de facer obras que responden ao tempo en que se realizaron, para construír compilacións do seu saber e a súa experiencia profesional. Non cabe dúbida, por exemplo, de que unha tese de doutoramento é un importantísimo traballo de, por así dicilo, entrada na idade madura; pero a min non me doen prendas en dicir que esas outras obras, construídas na plenitude da formación intelectual, poden chegar a revelarse como as obras dunha vida.

Polo que á Historia concirne, ocorrémeme poñer tres exemplos, con independencia de que haxa outros, que os hai sen dúbida: polo que se refire ao statu quo do mundo contemporáneo sinalo a Josep Fontana i Lázaro

(1931) co seu *Por el bien del imperio* (2011); se miro o concernente á interpretación da nación española, os meus ollos diríxense cara a *Mater dolorosa* (2001), de José Álvarez Junco (1942); e se hei de fixarme en Galicia para ver a súa sesquicentaria construción nacional repararei no Justo Beramendi González (1941) que escribiu *De provincia a nación* (2007). Calquera deses volumes puido ter sido redactado nun, dous ou tres anos, pero ningún deles podería terse abordado sen unha/o minuciosa/o labor de recompilación levada/o a cabo durante décadas, porque todos tres son o que chamei "obras dunha vida".

Levada a idea ás artes maiores ben puidéramos reparar no Leonardo da *Gioconda* e, traspasada á fantasía literaria, en Borges atópoa nun poema épico dunha soa palabra, porque tampouco é necesario que



Exterior do edificio do Museo nos anos 70



Exterior do Museo na actualidade

semellantes expresións de saber humano teñan que ocupar centenas de páxinas ou abarrotar as bóvedas dunha pomposa catedral barroca.

No ano 1983, Felipe Arias Vilas chegou a Viladonga como director dun museo no que só existían os locais e as caixas de restos arqueolóxicos recollidos nas escavacións dos anos 1970. En 1983, pois, empezou Felipe Arias a súa tarefa, grazas a que na súa formación intelectual confluían tres elementos indispensables para que así fose. As trepias sobre as que ia facerse o caldo foron o arqueólogo que dirixiría desde entón case todas as campañas de escavación no xacemento, o historiador que en 1992 publica *A romanización de Galicia* e o museólogo que pauta a catalogación e informatización dos fondos e que ata tres veces desde entón acomete o labor expositivo do castro galaicorromano. O traballo rigoroso e o tempo dilatado fixeron que Viladonga non sexa simplemente un sitio arqueolóxico cun museo *ad hoc*, senón un verdadeiro centro de estudo e aprendizaxe que, mostrando o seu contido particular, é capaz de que comprendamos o que foi o mundo rural do noroeste na época tardorromana. Iso é o que debemos a Felipe Arias Vilas; iso é a obra da súa vida.

Pero o conxunto arqueolóxico de Viladonga quizais non estivese completo se non se estableceran lazos con aqueles que non só gustan da Historia, senón que ademais intereseanse de forma activa na defensa e promoción do patrimonio cultural, especialmente o do seu contorno. Isto é o que levou o protagonista destas páxinas a interesarse pola existencia dun organismo que cumprise tal cometido, sendo así que en 1989 xurde a Asociación de Amigos do Museo de Viladonga, na que ingresei en 1990, se mal non me lembro. Naqueles momentos estaba eu destinado no instituto de Meira e desde entón as miñas relacións profesionais co Museo estreitáronse ata o punto de participar na campaña de escavación no Castro en 1992, que dirixiu, naturalmente, Felipe Arias.

Ao mesmo tempo foi desenvolvéndose, tanto con el como con Mariché Durán –en todo a súa compañeira–, unha corrente de afecto que vén perdurando a través dos anos. Non é de estrañar –e vaia como divertimento–, pois unha das primeiras amizades que trabaron meus avós maternos cando chegaron a Lugo en 1928 foi coa súa veciña do primeiro piso, dona Remedios Díaz, a avoa de Felipe Arias. Esa amizade estendeuse á xeración seguinte e tivo quizais o seu

punto culminante cando, nun 22 de decembro de hai 61 anos, a nai de Felipe, Alicia Vilas, axudou á miña nai a traerme ao mundo.

Dado todo este cúmulo de circunstancias, tampouco resultará estraño ao lector que –xunto ao vogal nato Felipe Arias– de 1993 a 1997 ocupase eu a secretaría da Asociación, e que entre o 2001 e o 2005 tivera o pracer e o honor de presidila grazas ao favor dos asociados, entre os que ata o día de hoxe me conto.

Por ser socio, por ter sido presidente e por ter sido secretario atrévome a dicir que nada ou case nada podería terse feito, se os directivos da Asociación non contasen co apoio e o asesoramento do director do Museo, é dicir, de Felipe Arias. Iniciar aquí unha ladaíña das actividades realizadas polos Amigos de Viladonga sería como entoar una xaculatoria plúmbea na que, como pano de fondo, sempre aparecería a figura de Felipe como asesor e guía. Cumpre, pois, sintetizar, conformándome coa exposición de dúas actividades "tipo" que son, no meu entender, das que tiveron maior calado entre os socios e os alleos:

En primeiro lugar quero referirme ás viaxes culturais. É evidente que, desde hai anos xa, esta actividade non ten o eco de antano e as explicacións poden ser do máis variado. Non obstante isto, atrévome a afirmar que o peor dos males que afecta ás excursións é a media de idade dos asociados, pois case todos procedemos da Idade Media e iso non axuda; cabería preguntarse tamén sobre por qué non ingresa xente nova na Asociación, e quizais en ESO radica boa parte do problema, pero non é este o lugar nin o momento de afrontalo, conque, deixemos aí o asunto.

Quedémonos coa idea de que as viaxes foron, xa desde 1990, unha actividade de gran interese, tanto no aspecto formativo como desde o punto de vista do ocio, "en el que llegamos incluso a poner el pie en tierra de incas, es decir, a hacer hincapié". En todo isto, o apoio loxístico do persoal do Museo e a achega científico-lúdica de Felipe Arias resultou esencial. Grazas aos seus informes documentais e ás súas sempre oportunas intervencións –con ou sen *Bass-Pipe a vara*–, puidemos os viaxeiros non só gozar, senón comprender e aprender. Ademais, grazas neste



Viaxe da Asociación de Amigos a Conímbriga. 1991

caso ao prestixio profesional e ás relacións persoais de Felipe, os que temos viaxado con el –e coa súa familia e coas nosas familias– tivemos ocasión, por exemplo, de visitar museos como non a todo o mundo lle é dado facelo. Precisamente, visitando a sala de restauración do Museo de Mérida dinme conta de algo que logo apliquei no de Viladonga cos meus alumnos de bacharelato: percorrer con eles o conxunto xacemento-museo como se cada discente fose unha peza encontrada na escavación, para que así, ademais de achegalos á cultura galaicorromana, coñecesen as funcións dos museos, nos que mostrar é só unha pequena parte, que ten como bases a conservación e, sobre todo, o estudo.

A segunda das actividades que quero mencionar é a publicación do boletín da Asociación, *Croa*. Apareceu o primeiro número en 1991 e eran catro follas nas que se daba conta dos avatares da Asociación, explicábase a futura ampliación do Museo e aportábanse dúas breves notas científicas: un artigo de Elena Varela sobre Santa María de Meira e unha bibliografía sobre o Castro e Museo de Viladonga, que elaborou Felipe Arias. As dificultades propias dunha modesta



Portadas dos números 1 e 25 de *Croa*

sociedade nacente fixeron que ata dous anos despois *Croa* non volvese ver a luz, sendo así que en 1993 apareceu o número 2-3, no que en oito follas os contidos científicos xa predominaban sobre a información institucional. Desde entón e ata o número 25 que o lector ten nas súas mans, *Croa* non faltou nunca á súa cita anual, pese á escaseza de medios, especialmente económicos.

Da man de Felipe Arias e sempre coa estreita colaboración das distintas directivas, a revista medrou en volume e densidade, incorporou a color e



Felipe Arias presentando a conferencia-concerto de Mini e Mero na Noite dos Museos 2013

diversificou a súa temática, sen por iso apartarse de Viladonga e o seu entorno, se ben nun amplo sentido. O seu desenvolvemento foi tal, que chegou un momento no que a Asociación xa non era capaz de sostela economicamente, polo que dun tempo para acó o financiamento é público, aínda que a colaboración de directivos e socios segue sendo esencial.

Felipe Arias e ademais os directivos da Asociación de Amigos foron os que se mobilizaron e mobilizan para que a revista do Museo siga sendo o que nas súas orixes se pretendeu: unha publicación con dignidade científica, calidade editorial e, o que non é menos importante, que o Museo conte cun medio de intercambio de publicacións con outras entidades culturais de España e do estranxeiro.

A páxina web da Asociación e logo a do Museo, ademais de universalizar o acceso ao centro cultural de Viladonga, permite a consulta e descarga da revista *Croa*, o que, por así dicilo, sen sacala do Castro, colocouna no mundo.

En fin, que a Asociación de Amigos do Museo e Castro de Viladonga funcionou e funciona como complemento das súas actividades nunha dobre vertente: na de difusión cultural e na de crear vínculos persoais entre aqueles que se interesan pola cultura en xeral e pola Historia en particular. Pero que ninguén perda de vista que tamén a Asociación nace e se desenvolve da man de Felipe e como tal forma parte, sen ningunha dúbida da obra da súa vida, que calquera pode achegarse a ver no promontorio de Viladonga.

Parabéns, Felipe, e moitas grazas.